

Xinzo de Limia, 2-VIII-63

Sr. D. Ramón Piñeiro  
Vigo

Benquerido don Ramón:

Hoxe recibín carta de vostede. Xa lle mandéi o poema a nome de Paco del Riego.

Hai moito tempo que lle penséi escribir, pro foi quedando... Dende que saín de Compostela, andiven cáseque sempre de viaxe: Ourense, Beiro... Fixen unhas declaracións pra A Rexión, protestando pola exclusión do galego nos Xogos Frorás de Ourense. Caíron ben.

Un dos días que estiven en Ourense, asistín a un viño que lle diron ós do Ballet Galego e levéi unha gran solpresa cando ó rematar, o director dunha axencia de pubricidá dixo: "Agora imos cantalo himno." E cantaron todos, vellos e mozos. Daban ganas de chorar.

Estiven con Tovar. E un home novo. Atopeino moi ben.

Eiquí atópome moi isolado. Teño ganas de voltar a Compostela pra escomenzar a traballar.

Xa saberá pola prensa que me diron o Primeiro Premio i a Fror Natural nos Xogos Frorás de Vilagarcía. O día 7 iréi a recoller o premio.

Saúdos a sua dona. Pra vostede unha aperta longa

Carlos